



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

Lugar: casa do concello

Data: 9 de novembro do 2016

Hora de comezo: 20.30 horas

Hora de remate: 23.00 horas

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Dona María del Carmen Botana Cebeiro
Dona Ana María Seijo Mosquera
Don Jesús Sanjuás Mera
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Don Alejandro Bermúdez Devesa
Don Xabier Canabal Fernández
Dona María del Carmen Soutullo Carolo
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Don Antonio González Barral

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros/as que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria - interventora dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Ratificación do acordo de Xunta de Goberno do 6/10/2016 (convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e o Concello de Santiago de Compostela para o abastecemento de auga potable ó aeroporto de Lavacolla)**
- 3. Aprobación ordenanza reguladora de medidas para favorecer a inclusión social no Concello de Boqueixón**
- 4. Nomeamento de “Xuíz de Paz”**
- 5. Desafectación camiño público en Cachosenande - Lestedo**
- 6. Modificación presupostaria número 2**

- 7. Modificación tarifas saneamento**
- 8. Aprobación ordenanza de dirección de obras**
- 9. Información da alcaldía**
- 10. Rogos e Preguntas**

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

O señor Canabal fai a seguinte puntualización: “Na sesión anterior fixemos un rogo que por erro non incluímos na intervención plenaria enviada á Secretaría do concello. Era sobre o cruceiro situado no campo da festa. Diciamos que tiña a súa base rota e rogabamos que se arranxara.

Solicitamos pois que se inclúa este rogo nesta acta, porque non ven recollida na sesión anterior.

A continuación procédese coa votación, e cos votos a favor de todos os presentes acórdase aprobar a acta da sesión que tivo lugar o 14 de setembro do 2016

2. Ratificación do acordo de Xunta de Goberno do 6/10/2016 (convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e o Concello de Santiago de Compostela para o abastecemento de auga potable ó aeroporto de Lavacolla)

Di o señor alcalde que se trata dun convenio similar ós que xa se teñen asinados con Marrozos e o núcleo de Lavacolla, ademais dos de Vedra e Vila de Cruces, salvo o prezo que neste caso ao aeroporto é o establecido na ordenanza para industrias e comerciantes, 0,74 €.

Segue dicindo o alcalde que se tiveron xuntanzas con Viaqua e a concellalía de Santiago de Compostela e o convenio deuse por válido.

A continuación o señor Canabal di o seguinte: “Apoiamos a proposta de venda de auga ao aeroporto.

Vemos que deste xeito o servizo de abastecemento de auga gañará en rendibilidade, posto que hai unha cantidade de auga que será vendida ao Concello de Santiago, sen que isto supoña unha redución na prestación do servizo de auga do concello, posto que este servizo está claramente sobredimensionado, é dicir, está capacitado para subministrar a 11.782 veciños, sendo a poboación total de Boqueixón, menos da metade. Os custos fixos do abastecemento amortizaranse así entre máis cantidade de auga vendida, gañando así rendibilidade do servizo.

Segundo o informe facilitado conxunto co convenio, o Concello de Boqueixón preverá vender aproximadamente 240 m³/día:

$240 \text{ m}^3/\text{día} * 365 * 0,745 \text{ €/m}^3 = 65.262 \text{ €/anuais.}$

En canto ao prezo, xa dixo o alcalde que houbera negociacións para chegar ao prezo dos 0,745 €/m³. Mais vemos que este prezo de venda da auga ao aeroporto será o mesmo que a auga ás industrias de Boqueixón; seríamos partidario neste caso de facer unha discriminación positiva para as nosas industrias en relación á venda de auga aos concellos limítrofes.

Aínda así, sobre as taxas da auga, o noso grupo vai facer unha proposta coherente unha vez coñezamos os datos anuais deste 2016, posto que xa temos dito que estas son moi altas despois da suba de máis do 30% que se realizou no ano 2012.”

O señor Sanjuás di que tamén apoian esta proposta da alcaldía.

Cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

1. Aprobar o convenio que a continuación se transcribe literalmente:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOQUEIXÓN E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE Ó AEROPORTO DE LAVACOLLA

Santiago de Compostela, -----de -----de 2016

COMPARECEN:

*D. OVIDIO RODEIRO TATO, Alcalde – Presidente do Concello de Boqueixón
D. MARTIÑO NORIEGA SANCHEZ, Alcalde - Presidente do Concello de Santiago de Compostela.*

Ambas partes teñen e recoñecen ter capacidade legal para formalizar o presente Convenio e, na súa virtude,

EXPOÑEN:

- 1. Que o Concello de Boqueixón xestiona de forma directa, o abastecemento de auga potable da estación de tratamento situada no lugar de Orto.*
- 2. Que a citada estación de tratamento de auga potable ten unha capacidade de tratamento de 30 litros/seg.; 2.592 m³/día*
- 3. Que neste momento a rede de abastecemento subministra a auga suficiente para abastecer ós abonados do servizo da poboación de Boqueixón, así como ós concellos de Vedra, Vila de Cruces e Santiago de Compostela (núcleo de Lavacolla e Marrozos)*
- 4. Que o aeroporto de Lavacolla, limítrofe con Boqueixón, non dispón de abastecemento de auga municipal, servizo necesario para esta entidade*
- 5. Que o abastecemento de auga do Concello de Boqueixón é un servizo custoso en función do número de usuarios de que dispón e o Concello de Santiago de Compostela, está interesado en compartir este servizo e colaborar proporcionalmente no seu custo, para á súa vez, subministrar auga ó aeroporto de Lavacolla.*
- 6. Que o artigo 81 da Lei de administración local de Galicia (Lei 5/1997) establece como servizo mínimo que deberá prestarse en tódolos municipios, o de abastecemento domiciliario de auga potable, que se prestará por cada municipio individualmente ou asociándose.*

7. *Que a Lei 40/2015, do réxime xurídico co sector público no seu artigo 3.1 k) prevé a cooperación, colaboración e coordinación entre as administracións públicas.*
8. *Que a Lei reguladora das bases de réxime local nos artigos 55 e 57 establecen que para a efectiva coordinación e eficacia administrativa, as administracións de acordo co principio de lealdade institucional, deberán... prestar a cooperación e asistencia activas que as outras administracións poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas. Dita cooperación pode ter lugar mediante a suscripción de convenios administrativos.*
9. *Que o pleno da corporación en sesión plenaria celebrada o 25 de setembro de 2014 aprobou as tarifas pola prestación do servizo de abastecemento, correspondendo aos aboados industriais as seguintes tarifas: 0,745 € m³ consumido máis IVE.*

Polo exposto, ambos Concellos acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS:

1ª.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular o abastecemento de auga ó Aeroporto de Lavacolla no Concello de Santiago de Compostela.

2º.- DESENVOLVEMENTO

A viabilidade do mencionado abastecemento queda fundamentada no informe técnico correspondente emitido no seu día pola empresa Espina y Delfin, SL, que foi concesionaria do servizo

3º.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá unha duración de 5 anos, que poderá ser prorrogada por acordo expreso de ambas partes sempre que o obxecto inicial do presente Convenio así o aconselle.

4º.- OBRIGAS DAS PARTES

Para o bo cumprimento dos obxectivos deste convenio as partes comprométense a :

- a) *A aportar cada concello o persoal e infraestruturas que requira a correcta execución do presente convenio, dentro dos límites dos seus respectivos municipios.*
- b) *O Concello de Boqueixón, non poderá suspender, pola natureza do propio servizo, o subministro; en todo caso só poderá fundamentar en razóns de forza maior (avarías, escaseza de caudal, etc.) ou no incumprimento do convenio a interrupción do mesmo, non tendo o Concello de Santiago de Compostela dereito a reclamación algunha por este motivo.*
- c) *A forma de pago será mediante factura a trimestre vencido, na que se detallarán os metros cúbicos abastecidos e o prezo aplicado. O impago das facturas, fóra*

do período voluntario de 70 días, será razón suficiente para a interrupción do servizo.

O prezo por m³ de auga abastecido será de 0,745 €/m³ (máis IVE), correspondente ós aboados industriais, comerciais e obras, segundo ordenanza fiscal do abastecemento da auga do Concello de Boqueixón publicada no BOP núm. 224 do día 21/11/2014,. Este prezo será válido durante todo o ano 2016. Nas seguintes anualidades aplicaranse as tarifas que o Concello de Boqueixón acorde mediante a modificación plenaria da correspondente ordenanza.

- d) As facturacións realizaranse directamente polo Concello de Boqueixón ou ben pola concesionaria que resulte adxudicataria no seu momento no caso de que prestase o servizo indirectamente, á empresa Viaqua, xestora do servizo de abastecemento no Concello de Santiago. Xirarase a factura correspondente ó trimestre vencido, unha vez efectuado o abastecemento de auga potable.*
- e) O caudal máximo a subministrar á rede de abastecemento para o subministro ó Aeroporto de Lavacolla será de 240 m³/día*

5.- EXTINCIÓN

Será causa de extinción da relación obrigatoria o incumprimento por calquera das partes asinantes de calquera das cláusulas que figuran no mesmo, así como o acordo expreso de ambas partes.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo.

5º.- XURISDICIÓN

As partes someterán as diverxencias que puideran establecerse da interpretación do presente convenio por analoxía ós principios do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP ou, no seu defecto, ós principios do dereito administrativo.

As cuestións litixiosas que puideran xurdir na interpretación das obrigas derivadas do presente convenio resolveranse por vía administrativa ou, no seu caso, mediante xurisdición contencioso-administrativa.

Unha vez lido o presente convenio e atopándose conforme asíñase por duplicado e a un so efecto no lugar e data arriba citados

POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

O Alcalde

Asdo.: Ovidio Rodeiro Tato

POLO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Alcalde

Asdo.: Martiño Noriega Sánchez

2. Comunicar este acordo ao Concello de Santiago de Compostela, a Viaqua e ó aeroporto de Santiago de Compostela.

3. Aprobación ordenanza reguladora de medidas para favorecer a inclusión social no Concello de Boqueixón

Di o señor alcalde que se trata de regular determinados servizos ou axudas económicas e establecer unha serie de criterios para o seu reparto.

Garántese, así mesmo, a publicidade e favorécese o acceso á información. En definitiva é un bo traballo da traballadora social e en xeral do departamento de servizos sociais, o cal se agradece.

O señor Canabal di que no pasado mes de xullo cando discutimos unha moción que presentamos sobre o fraccionamento dos impostos municipais, que en relación ás axudas de emerxencia social, que os criterios básicos destas axudas deberan ser públicos e claros, e que deberan estar nunha ordenanza. Non falamos de caridade, falamos de dereitos, falamos de progresividade e falamos de cohesión social. Son termos antagónicos á caridade.

Falamos tamén de dereitos dos cidadáns. Para nos, o obxectivo é que os cidadáns exerzan os seus dereitos. Ou o que é o mesmo, e para que me entendan, que non teñan que vir pedir ao concello, senón que saiban perfectamente o catálogo de servizos aos que teñen dereito. Se ao longo deste mandato, conseguimos darlle a volta á política de caridade do PP, teremos avanzado como cidadáns moito.

Retiramos a moción ao fin de poder observar como funciona o actual fraccionamento de pagos dos servizos de recadación da deputación, aínda que reiteramos que nos outros aspectos que propoñiamos, concretamente en canto á concesión de axudas dirixidas a familias “en risco de exclusión” habería que definir claramente os baremos; e incluso chegabamos a falar nesa mesma moción da posibilidade de exonerar taxas e prezos públicos ás familias con menos recursos.

Recordabamos ao final da intervención que retirabamos a moción dicindo que estabamos totalmente convencidos de que vostedes ían sumarse ao carro da iniciativa presentada, aínda que non querían darnos a razón, pero que o farían posteriormente.

E así, é. Traen ao pleno unha ordenanza na que regulan tres aspectos relacionados coa “inclusión Social”:

- Prestacións económicas para situacións de emerxencia social.
- Prestación de alimentos.
- Exención nos prezos públicos pola asistencia a actividades culturais.

Nestes tres aspectos non temos nada que obxectar, salvo nos baremos dos límites de ingresos, que deberan estar un pouco máis explicados. Supoñemos que están baseados na lei de servizos sociais de Galicia, mais quixeramos ter nas nosas mans un informe desta lei que nos explique os baremos mínimos e máximos que esta lei permite, para a partires de aí, poder facer unha proposta razoada. Supoñemos que o alcalde ou a concelleira delegada de servizos sociais poderán explicarnos o por que destes baremos.

Si quixeramos facer referencia a que polas características do noso concello, non se computara un vehículo como elemento patrimonial computable, ao entender que posuír un vehículo no concello no que nos atopamos non é un luxo, senón unha necesidade.

Podendo estar de acordo con esta proposta, ao noso ver hai un aspecto que se deixa fóra desta ordenanza, o que moitos concellos definen como “Renda Municipal de Garantía Básica Cidadá”, definida como unha renda subsidiaria da RISGA ou das pensións non contributivas e que paliaran situacións de vulnerabilidade ou situación de risco ou exclusión social non previstas nos casos de emerxencia social ao ser máis permanentes no tempo.

Por iso, aínda podendo apoiar esta proposta, rogamos que os servizos estuden a posibilidade de establecer esta “Renda Municipal de Garantía Básica Cidadá”, ao fin de que o pleno desta corporación poida tomar unha decisión ao respecto.

O señor alcalde di que lle preguntou á traballadora social e respondeulle que se trata dun criterio establecido a través do colexio de servizos sociais, aínda que a lei non impide varialos.

O señor Canabal di que pode haber outras necesidades que non se recollen na ordenanza.

Di o señor alcalde que no pleno de 26 de novembro do 2014, aprobouse a ordenanza reguladora da prestación de alimentos na cal se incluían os requisitos para as solicitudes e con esta nova ordenanza modifícanse os tramos establecidos na aprobada nese pleno.

Segue dicindo o señor alcalde que se o desexan, poden reunirse coa traballadora social para obter a información que precisen.

O señor Canabal di que se debería eliminar, de entre os requisitos xerais establecidos no artigo 4) o de non ser propietario de vehículos, porque nun concello como o de Boqueixón é necesario. Entenderíase en concellos como Santiago, que teñen transporte urbano, pero en concellos rurais non se entende.

Á vista das alegacións efectuadas decídese deixar este punto sobre a mesa, a fin de que se valoren estas modificacións pola traballadora social e se procede se modifique a ordenanza.

4.Nomeamento de “Xuíz de Paz”

Con data 5 de outubro do 2016 recíbese no concello un escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia solicitando ao concello o inicio dun novo expediente para elixir xuíz de paz titular.

Por resolución da alcaldía de data 10 de outubro do 2016, iníciase o expediente e ábrese un prazo de 10 días para a presentación de solicitudes, e con esta finalidade publícanse anuncios no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 193 do 11 de outubro do 2016 , na páxina web do Concello de Boqueixón e no taboleiro de edictos do concello o 11 de outubro do 2016.

No referido prazo presentáronse as seguintes solicitudes:

Número	Nome e apelidos	Data rexistro	Número rexistro
1	D. Eulogio Rodríguez Tarrío	19/10/2016	2296
2	D. José Manuel Raviña Vilela	21/10/2016	2325
3	Dona Paula Rey Suárez	24/10/2016	2336
4	Dona Olivia Souto Freiría	25/10/2016	2346
5	Dona Cristina Vázquez Casal	25/10/2016	2353
6	D. Julio Devesa Regueiro	26/10/2016	2360
7	D. Diego José Asegurado Pérez	26/10/2016	2361
8	D. Santiago Otero Raviña	26/10/2016	2365

Á vista da documentación presentada procédese coa valoración dos currículos para elixir o perfil máis axeitado.

PRIMEIRO: Tal como consta no informe xurídico, terase en conta a residencia na mesma poboación onde ten a sede o xulgado de paz, polo que se descartan aquelas solicitudes de non residentes, posto que si existen outras varias de residentes.

SEGUNDO: Establecer a seguinte puntuación por méritos académicos acreditados. No caso de non acreditación dáse a puntuación mínima.

- a) Estudos primarios ou graduado escolar 1 puntos
- b) Licenciaturas 2 puntos

TERCEIRO: Establecer as seguintes puntuacións por outros méritos, tal como se indica:

- Cursos e doutoramento 0,5 puntos por curso / doutoramento
- ¹ Actividades participativas pública 1 punto
- ² Outros órganos de participación cidadán 1 punto

¹ – Actividades participativas públicas: ANPAS, asociacións

² – Outros órganos de participación cidadán: xuntas de compensación, cooperativas, colaboracións varias.

Tendo en conta todo isto resultaría:

CRITERIOS VALORACIÓN

Non residentes 0 puntos

- Cristina Vázquez Casal
- Diego José Asegurado Pérez

Méritos académicos 2 puntos

Eulogio Rodríguez Tarrío	1 punto
José M. Raviña Vilela	1 punto
Santiago Otero Raviña (Non acredita documentación)	1 punto
Paula Rey Suárez (Licenciada e Doutoramento en Historia do Arte)	2 puntos
Olivia Souto Freiría (Arquitecta técnica)	2 puntos
Julio Devesa Regueiro (Licenciado en Admón. e Direc. de Empresas)	2 puntos

Outros méritos:

Nome	Cursos	Participación pública	Vida laboral
Eulogio Rodríguez Tarrío	0	3	Pensionista
José M. Raviña Vilela	2	1	-Castrosua 2004 - 2012 -Pensionista
Paula Rey Suárez	3,5	1	Auxiliar ventas (Xardinería)
Olivia Souto Freiría	6	-	Estudio Técnico Gallego
Cristina Vázquez Casal	2	-	---
Julio Devesa Regueiro	7	2	Xerente AGADER e Instituto Desenrolo Comunitario de Galicia 1999 - 2008
Diego José Asegurado Pérez	4,5	1	---
Santiago Otero Raviña	-	-	Contrato eventual na Deputación da Coruña 2001 a 2003 e 2007 a 2011

De todo o cal resultan as puntuacións que a continuación se detallan:

Nome	Méritos académicos	Cursos/doutoramento	Participación Cidadá	Puntuación total
Julio Devesa Regueiro	2	7	2	11
Olivia Souto Freiría	2	6	0	8
Paula Rey Suárez	2	3,5	1	6,5
Eulogio Rodríguez Tarrío	1	0	3	4
José M. Raviña Vilela	1	2	1	4
Santiago Otero Raviña	1	0	0	1
DESCARTADOS POR NON RESIDIR NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN				
Diego José Asegurado Pérez	2	4,5	1	7,5
Cristina Vázquez Casal	2	2	0	4

A continuación o señor Canabal di que: “En primeiro lugar, non queremos facer unha valoración da proposta que se trae hoxe ao pleno, aínda que poderemos facela a posteriori.

O grupo Municipal de Veciños queremos completar ou matizar a baremación realizada polos servizos de secretaría deste concello ao fin de que o pleno da corporación a tome como súa para a baremación tanto presente como futura do xuíz de paz:

BAREMACIÓNS:

É obrigatorio para optar á praza acreditar certificado dos estudos obrigatorios (Graduado Escolar, Certificado de Estudos Primarios ou Estudos de ESO).

- Estudos de Grado ou Licenciatura relacionados coas ciencias sociais (Dereito, Políticas, Relacións Laborais, Economía, ADE...): 4 puntos.
- Outros Graos ou Licenciaturas: 2 puntos.
- Ciclos Formativos de Grao Superior: 1 punto.
- Doutoramentos e cursos de posgrao: 1 punto.
- Cursos (Relacionados co posto a desenvolver e cun mínimo número de horas: Ata 0,5 puntos.
- Experiencia en posto similar: Ata 2 puntos.
- Participación cidadá: (Acreditación en asociacións, ANPAS e outros movementos asociativos): Ata 1 punto.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

1. Proponer a don Julio Devesa Regueiro xuíz de paz titular do Xulgado de Paz de Boqueixón.
2. Comunicar este acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para o seu nomeamento.

5.Desafectación camiño público en Cachosenande – Lestedo

Con data 9 de agosto de 2016 recíbese no concello un escrito presentado por dona María Soledad xxxxx solicitando a desafectación e posterior agregación do camiño público que cruza a parcela nº 135 sita en Cachosenande- Lestedo.

Vistos os informes xurídico e técnicos, os cales sinalan que actualmente non serven de vía de acceso para ningunha finca ou propiedade distinta das dos solicitantes e que a parcela resultante, de forma irregular e emprazada totalmente entre as fincas privadas, non resulta susceptible dun uso adecuado para o concello de Boqueixón.

Tendo en conta, así mesmo, a valoración económica da citada parcela sobrante que ascende a 2.050,00 €, proponse ó pleno a desafectación do citado camiño.

O señor Canabal di que “Como dixemos no anterior pleno, en termos xerais non estamos a favor da desafectación de camiños (o non uso actual non significa usos futuros); mais tamén vemos casos nos que poden estar xustificadas.

Tratándose deste caso concreto, e tendo en conta a actividade que se practica, turismo rural, sempre e cando o camiño (como parece) non é servidume de ningunha finca, vemos xustificada a proposta, polo que imos apoiala.”

O señor Sanjuás di que está de acordo coa proposta da alcaldía.

Cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

1. Desafectar do dominio público o camiño que cruza a parcela número 135 propiedade de dona María Soledad xxxxx sita en Cachosenande- Lestedo O camiño a desafectar está clasificado urbanisticamente, unha parte como solo de núcleo rural tradicional e como solo rústico de especial protección agropecuaria outra. A valoración económica da parcela sobrante ascende a 2.050 €.
2. Someter a información pública o expediente durante un mes a efectos de presentación de reclamacións.
3. Se en dito prazo non se presentasen reclamacións considerase o camiño definitivamente desafectado do dominio público e proceder coa venda directa da parcela sobrante á solicitante, propietaria da parcela colindante.

6.Modificación presupostaria número 2

A Comisión de Contas na sesión que tivo lugar o 27 de outubro do 2016 cos votos a favor do PP e en contra do grupo municipal Veciñ@s de Boqueixón, informou favorablemente a modificación presupostaria número 2 que máis adiante se detalla.

O señor Canabal di que explicamos na Comisión de Contas do 27 de outubro a concatenación de erros mantidos no tema da auga. E sen entrar en todos os aspectos que analizamos nesta sesión, e que seguimos mantendo nesta sesión, si cómpre reiterar algunhas aclaracións para tentar explicar o noso posicionamento.

Diciamos na sesión da comisión de contas do 27 de outubro, que todo o tema da auga comeza no 2004, cando o concello adxudica o servizo a Espina & Delfín por un período de 10 anos. Dous anos despois, e sen ter moi claro aínda a viabilidade ou non deste servizo, modifican o contrato nin máis nin menos que por 30 anos de contrato a cambio de obras por importe de 180.000 €.

Xa no 2012, e cando xa ven que o servizo pode ser rendible (para a empresa, claro) pois tentaron regalarlle á empresa máis de 1.300.000 €.

Saben de antemán que estes concelleiros que hoxe representamos o grupo municipal de Veciñ@s, nunca fomos partidarios da externalización dos servizos públicos, apostando pola prestación directa destes. Así o fixemos saber sempre, e sempre tamén advertimos que os contratos que se facían había que facelos a C/P. Mais para vostedes sempre foi igual.

Xa no 2006, cando se ampliou o contrato de abastecemento da auga do 2013 (orixinal) ao 2043 (30 anos máis), e a cambio a empresa comprometíase a realizar un investimento de 180.000 €, fomos moi clariños, e poden vosteds repasar a acta daquela sesión, que como xa está dito, non imos afondar máis nos argumentos que daquela expresamos os dous portavoces dos grupos representados no Pleno da Corporación.

Vostedes, non só non escoitaron, senón que seguiron a aprobar obras a executar por Espina y Delfín, obras que non pasaban polos procedementos de contratación esixidos a calquera administración pública.

Deste xeito o Concello de Boqueixón, ou mellor dito, o equipo de goberno adxudicou (sen mediar concurso ningún) obras por un total de 458.493,05 €.

ORGANISMO	DATA	OBRA	IMPORTE	CONTRAPARTIDA
PLENO	11/01/2006	Obras Xerais	180.000,00 €	Ampliación Contrato 30 anos
XGL	04/07/2007	Abastecemento a Loureda	191.402,09 €	Tarifas Aeroporto
XGL	07/03/2012	Reforzo Rede Rodiño Grande - Vigo	87.090,96 €	Tarifas Santiago
Total			458.493,05 €	

Como dixemos ao inicio, despois do acordo “fallido” de 2012, vostedes acceden a que a Deputación, concretamente o Servizo de Asistencia Económica a Municipios, fixera dous informes, de data 19 de abril e do 21 de xuño, e que analizaban pormenorizadamente a situación do servizo de abastecemento de auga en Boqueixón.

En aras á rapidez, non imos desagregar estes dous informes da Deputación, que xa o fixemos na sesión da Comisión de Contas e que vostedes poden ver no expediente plenario, mais si queremos sacar as catro conclusións básicas e para nós fundamentais que apuntaban estes dous informes:

Primeira: Os gastos enerxéticos corresponden á concesionaria.

Segunda: A ampliación do contrato por 30 anos realizada no ano 2006 non se fixo conforme á lei.

Terceira: As obras de ampliación e mellora do abastecemento corresponden exclusivamente ao concello.

Cuarta: A realización de obras por parte da empresa pode considerarse “adxudicación directa implícita” podendo incorrerse nun suposto de nulidade de pleno dereito.

É por iso que con estas catro conclusións básicas non entendemos a sentenza do contencioso. En ningún sitio do fallo do xuíz se fai referencia aos argumentos dos informes da Deputación, polo que sospeitamos que estes informes non foron tidos en conta no contencioso. Porque de ter sido en conta os argumentos, o xuíz tería que ter entrado á súa valoración, aínda que fora para desestimalos.

Por iso, non entendemos que o concello non teña recorrido esta Sentenza, porque estamos falando que de tentar que a empresa abone ao concello 127.000 € como diferenza entre os custos enerxéticos e as obras feitas, pasamos a ter que pagarlle máis de 366.000 €. É dicir, case 500.000 € que pagaremos todos os veciños de Boqueixón.

Por todo iso, falar, e cito textualmente que *“Esta semana cancelaremos a débeda de 366.000 euros coa anterior concesionaria do abastecemento de auga, Espina y Delfín, que vencía en 2029 e que corresponde ás obras de ampliación do servizo nas parroquias de Loureda, Gastrar, Vigo e Lamas, que se executaron hai dez anos”*. Simplemente, como si se tratara dun pago pendente de anteriores corporacións, cousa que como se ve, transcende moito diso. Parécenos unha irresponsabilidade, senón un media verdade ou unha mentira velada.

É por todo o que acabamos de dicir que non entendemos porque non se recorreu a sentenza, tentando que se tocaran todos vértices que ten a problemática tratada, tentando unha solución menos gravosa para o concello.

Vemos pois unha administración irresponsable dos recursos públicos, polo que de momento imos votar en contra desta modificación orzamentaria, mais imos tamén estudar en profundidade o tema, e chegado o caso de non ser considerado por esta corporación, esixiremos as responsabilidades que correspondan por parte do equipo de goberno.

O señor alcalde di que os informes aos que alude o señor Canabal foron emitidos pola Deputación en base ao acordo adoptado no pleno de 14 de marzo de 2012 e en canto á sentenza do contencioso administrativo, débese ter en conta que o xulgado solicitou toda a documentación do expediente da contratación e todas as facturas do subministro eléctrico de Orto e Donas.

Que a sentenza é contundente e ademais impón ó concello as costas.

Mesmo o letrado xefe da asesoría xurídica da Deputación di que é contundente e non ve posibilidades de gañar. O máis coherente é asumir o pago das obras executadas por Espina & Delfín.

Por outro lado segue dicindo o señor alcalde, Espina & Delfín en resposta á proposta formulada polo concello de aboarlle o importe en tres anualidades, dixo que o aceptan pero neste caso solicitarían o aboamento dos intereses devengados desde a interposición da demanda.

De aboalo neste ano todo o importe, non os reclamarían, polo que acatamos a sentenza e procederemos co aboamento tan pronto o acordo sexa definitivo.

O señor Canabal di que tratándose de aproximadamente 500.000 euros vale a pena facer unha consulta xurídica a un avogado externo, pois cando se trata de recursos públicos debemos ser escrupulosos, e un xuíz non é infalible e as ciencias sociais son interpretables e porque considero (segue dicindo o señor Canabal) que a defensa do concello polos servizos xurídicos da deputación, neste caso, é moi deficiente.

O señor Sanjuás di que está de acordo coa proposta da alcaldía .

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do PP e en contra do grupo Veciñ@s de Boqueixón e en base ós seguintes antecedentes:

“Con data 30 de setembro, rexistro entrada nº 2108 recíbese un oficio do Xulgado contencioso - administrativo número 2 de Santiago de Compostela, co cal se remite sentenza firme de data 15/07/2016 nº 415/2016 para que no prazo de 10 días se leve a puro e debido efecto o acordado na citada sentenza. Como consecuencia da mesma o concello debe aboar a Espina Delfín 366.775,38 €, pdas obras executadas para o concello. **Este importe aboarase con cargo ao superávit que queda do ano 2015(364.730,84 €)**, despois de efectuada a primeira modificación presupostaria deste ano aprobada no pleno de 13 de xullo por importe de 126.669,99 €.

Con data 7 de setembro de 2016, asinouse un convenio co consorcio galego de servizos de igualdade e benestar para o acondicionamento do centro socio comunitario do concello de Boqueixón (local social de Sergude), polo que o consorcio se compromete a aportar 15.000, 92.500 e 92,500 euros respectivamente nos anos 2016-2017 -2018. O importe total do proxecto ascende a 202.467,41 €, polo que o concello debe aportar 2.467,41 €no ano 2016.

A Deputación da Coruña concedeu ao concello unha subvención de 4.991,12 € para o plan de escolas e actividades deportiva 2016. O total do importe da adxudicación do contrato para a adquisición do material ascende a 7.987,10 €, polo que o concello debe aportar 2.986,97 €.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio concedeu unha subvención de 4.500 € para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático. O total do importe do gasto subvencionable ascende a 6.428,57 €, polo que o concello debe aportar 1.928,57 €

A Xunta de Galicia – Turismo concedeu unha subvención de 28.032,02 € para a mellora da accesibilidade e sinalización do Pico Sacro. O importe total do proxecto ascende a 43.500 €, polo que o concello debe aportar 15.467,98 €.

Para o aboamento destas achegas municipais é necesario transferir doutras partidas presupostarias non vinculadas, concretamente da **414.600** (infraestruturas AGADER), na cal existe crédito con fondos municipais por importe de 21.000 € sendo a achega municipal deste proxecto de 8.681,15 €, e da **165.600** (aforro enerxético) na cal existe crédito con fondos propios por importe de 15.000,00 €, os cales non se utilizarán posto que non se executará o proxecto de aforro enerxético ao non obterse a correspondente subvención”.

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos número 2 /2016 tal como a continuación se detalla:

- a) Con cargo ao superávit por importe de 364.730,84 €(máis 2.045,00 que existen na partida)

ESTADO DE GASTOS		
Capítulo	Denominación	Importe
2	Aboamento a Espina Delfin importe Sentencia	364.730,84

- b) Con cargo á transferencia de outras partidas por importe de 22.850,93 €.

Á partida	Transferenc	T. grupo programas	Da partida	Crédito existente	Crédito restante	T. grupo programas
334.682 (P. cultural)	2.467,41	100.088,15	414.600	21.000,00 *	18.532,59	125.532,59
342.689 (I. deportiva)	2.986,97	17.986,97	414.600		15.545,62	122.545,62
172.227,99 (P med amb)	1.928,57	3.928,57	414.600		13.617,05	120.617,05

432.610	467,98	414.600		13.149,07	120.149,07
(P turística)		27.467,98				
	15.000,00	165.600	15.000,00 *	0	314.000,00
TOTAL	22.850,93			36.000,00	13.149,07	

- Achega municipal

Segundo.- Con estas modificacións e as realizadas na sesión plenaria o 13 de xullo , o presuposto de ingresos e gastos quedará tal como de indica:

Estado de ingresos					Estado de gastos				
Cap	P.Inicial	Incre mento	Diminución	P.Definitivo	Cap	P.Inicial	Incremento	Diminución	P.Definitivo
1	765.000,00			765.000,00	1	1.271.455,43			1.271.455,43
2	15.000,00			15.000,00	2	1.193.850,00	366.659,41 (i)		1.560.509,41
3	425.473,43			425.473,43	3	9.000,00			9.000,00
4	1.357.707,00			1.357.707,00	4	30.500,00			30.500,00
5	3.000,00			3.000,00	5				
6					6	595.015,35	39.582,09 (2)	22.850,93 (4)	611.746,51
7	559.015,35			559.015,35	7				
8	3.000,00			3.000,00	8	3.000,00			3.000,00
9			190.085,67 (5)	190.085,67	9	25.375,00	298.095,93 (3)		323.470,93
Tot.	3.128.195,78		190.085,67	3.318.281,45	Tot.	3.128.195,78	704.437,43	22.850,93	3.809.682,28

(1)superávit(364.730,84)+1.928,57(transf. da partida 414.600)

(2)superávit(18.659,73-pleno 13 xullo)+20.922,36(transf. das partidas 414.600 e165.600)

(3)superávit(108.010,26)+190.055,67(PAI). Pleno 13 xullo

(4)disminución partidas 414.600 e 165.600 (por áreas de gasto non vinculadas)

(5)PAI . Pleno 13 xullo.

Terceiro.- Publicar esta modificación no BOP durante 15 días hábiles e considerala definitivamente aprobada no caso de non presentarse reclamacións.

7.Modificación tarifas saneamento

Con data 20 de outubro 2016, recíbese escrito da concesionaria Espina Delfín achegando novo cadro de tarifas do servizo de saneamento para o 2017, aplicando o IPC correspondente ao período xuño 2014 – xuño 2016, que foi de -0´70%.

Esta variación é aplicable en cumprimento da correspondente ordenanza, aínda que débese ter en cona que no 2016, non se produciu tal aplicación do IPC ao ser nese ano de signo positivo polo que implicaba incremento das tarifas.

O señor Canabal di que aínda que vamos absternos en canto á actualización ao IPC da taxa de saneamento (que é negativa este ano), non quixeramos deixar de dicir, o que xa temos dito ao longo dos últimos anos.

Recordarlle aos señores concelleiros que non estabamos de acordo coa modificación desta taxa que se modificara para o ano 2012, despois de establecer unha suba do 15%, e do 460% na parte variable, cando se pasaba de 0,05 € por m³ vertedura aos 0,28 €. É dicir, a máis usuarios, o servizo por unidade sae máis caro.

Claramente, a ordenanza de saneamento asume ineficiencias na prestación do servizo, e aínda que pode ser comprensible ir aumentando pouco a pouco os incrementos dos custos da prestación do servizo, medidos polo IPC, non estabamos de acordo co fondo desta ordenanza.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor de representantes do PP e coa abstención do grupo Veciñ@s de Boqueixón acórdase:

1. Diminuír o importe de tarifas de saneamento na porcentaxe do IPC período xuño 2014 – xuño 2016 que foi de -0,70%, co cal cas tarifas serán as seguintes para o ano 2017:

A.- ABONADOS CON SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO

IPC XUÑ /2014 - XUÑ /2016	-0,70%
----------------------------------	---------------

A.1.- CUOTA FIXA

		ANO 2015	-0,70%	ANO 2017
		€/trim	€/trim	€/ab.trim
GRUPO 1º	Vivenda (por unidade), comercios menores (ata 2 empregados), despachos e oficinas (ata 2 empregados), locais en galerías, ferreterías, tendas de electrodomésticos, e semellantes.	11,011		10,934
GRUPO 2º	Industrias de ata 5 obreiros, clínicas médico sanitarias, despachos e oficinas de máis de 2 empregados, academias, comercios maiores de máis de 2 empregados, perruquerías, talleres de motos e bicicletas, panaderías e semellantes. Ademais, tabernas, bares, churrasquerías, cafeterías, e restaurantes sen hospedaxe ata 150 m ² , e semellantes	15,706		15,596
GRUPO 3º	Industrias de 5 a 20 obreiros, clubs nocturnos, restaurantes e churrasquerías con aloxamento ata 20 habitacións, tabernas, bares, churrasquerías, cafeterías e restaurantes sen hospedaxe de mais de 150 m ² , pastelerías, carnicerías, peixerías, talleres de coches, materiais de construción, marmorerías e semellantes.	23,564		23,399
GRUPO 4º	Tinturerías, lavanderías, imprentas, aloxamentos de mais de 20 habitacións, e industrias de 20 a 30 obreiros, e	69,129		68,645

	semellantes.			
--	--------------	--	--	--

GRUPO 5º	Industrias de mais de 30 obreiros, talleres de lavado e engraxe, talleres mecánicos en polígonos industriais, naves industriais en polígonos, talleres de rodas, centros médicos, colexios, gasolineras, e semellantes.	94,274		93,614
----------	---	--------	--	---------------

A.2.-	<u>VERTIDO</u>	€/m³		€/m³
	Por m³ consumidos ou vertidos á rede municipal de sumidoiros	0,291603		0,289562

B.- ABONADOS SEN SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO

	€/ab.mes	€/ab.mes
GRUPO 1º	6,5746	6,5286
GRUPO 2º	8,1419	8,0849
GRUPO 3º	10,7559	10,6806
GRUPO 4º	25,9110	25,7296
GRUPO 5º	34,2737	34,0338

C.- ABONADOS CON SUBMINISTRO NON PROCEDENTE DA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO E VERTIDO DE GRAN CAUDAL

Para aqueles aboados/industrias que para o seu proceso de traballo ou produción empreguen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan a rede de sumidoiros un caudal moi superior o consumido da rede municipal, instalarán o seu cargo aparellos para a medida do caudal vertido a rede; esta medición servirá de base para a facturación. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos da facturación.

	ANO 2015	- 0,70%	ANO 2017
C.1.-	<u>CUOTA FIXA</u>		
			€/ab.trim
GRUPO 1º	11,0080		10,9309
GRUPO 2º	15,7049		15,5950
GRUPO 3º	23,5678		23,4028
GRUPO 4º	69,1308		68,6469
GRUPO 5º	94,2711		93,6112

C.2.- VERTIDO

	€/m ³	€/m ³
Por m ³ consumidos ou vertidos á rede municipal de sumidoiros	0,291603	0,289562

D.- ACOMETIDAS SERVIZO DE SANEAMENTO

Ud. de acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubaría de P.V.C. Ø 160/5 atm., incluída escavación, recheo, demolición y reposición de firme no seu caso, así como conexión a colector existente con peza especial para estanqueidad da unión, e para unha lonxitude máxima de 5 m. e unha profundidade máxima de 1,50 m.

	ANO 2015	ANO 2017
	€/ud	€/ud
ZANXA EN TERRA	378,59	375,94
ZANXA EN ASFALTO	408,21	405,35
ZANXA EN BEIRARRÚA	448,81	445,67

NOTA :

A estes prezos engadiráselle o IVE vixente

2. Publicar as tarifas no BOP e expoñer o expediente ao público durante 30 días a efectos da presentación de posibles reclamacións.

8.Aprobación ordenanza de dirección de obras

Os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen as contratacións de obras municipais, establecen na cláusula 15, que no acordo ou resolución da adxudicación, concretarase a designación do técnico director da obra, e nos casos en que a dirección de obra se realice mediante contrato de servizos previa a tramitación do correspondente expediente de contratación, indicárase esta adxudicación.

Este concello ten contratado o servizo de asistencia técnica urbanística con Estudio Técnico Galego, o cal non inclúe os servizos de coordinación e saúde e dirección de obras. Por este motivo, en cada adxudicación de contrato debe designarse, así mesmo o técnico destes servizos de coordinación e saúde e dirección de obras o cal, habitualmente se designa ao autor do proxecto.

Por outro lado, é necesario regular o importe máximo a aplicar a estes servizos que se aboará polo adxudicatario con cargo á certificación da obra executada.

Di o señor alcalde que é unha ordenanza tipo que se está a aplicar na maioría dos concellos

O señor Canabal di que anunciamos de antemán o apoio a este punto.

Parécenos unha medida a celebrar que o concello, a través dos seus servizos técnicos, dirixa, inspeccione, coordine e comprobe o cumprimento das prescricións establecidas pola lei de prevención de riscos laborais en materia de seguridade e saúde das obras que contrata ou adxudica.

É unha vella reclamación do compañeiro Barcala, e ten dado exemplos neste pleno de que as obras non se supervisan adecuadamente.

Parécenos tamén razoable que as empresas asuman os custos desta dirección e coordinación, aínda que non teñamos datos de se a taxa é xusta ou non, se é alta ou baixa.

Mais como administración pública non pode ser doutro xeito, consideramos fundamental que se manteñan as supervisións necesarias para que a obra se axuste aos proxectos contratados, e que se cumpran todas as estipulacións en materia laboral e de saúde. Son as administracións as primeiras que teñen que dar exemplo.

En canto ao pago aos servizos do Estudio Técnico Gallego, gustaríanos saber se estes cobran directamente a taxa, ou se esta xa está incluída no seu contrato de prestación dos servizos urbanísticos actual.

Felicítámonos de que o concello comece a supervisar as súas obras, e en canto ao prezo, supoño que unha vez posta en marcha esta ordenanza, poderemos ver se estes distorsionan os diversos proxectos que se executen. Porque esta taxa o que fará é encarecer os custos destes proxectos.

Con esta excepción, e sen que nun futuro vexamos a necesidade de revisar esta ordenanza, votamos a favor da mesma.”

Di así mesmo o señor Canabal, que o informe xurídico na parte final non se entende ben o que se quere dicir.

Responde a secretaria que efectivamente, estivo repasándoo hai erros na redacción, pero en definitiva o que se quere dicir é que ao concello non lle afecta porque nin lle xera ingresos nin gastos. O importe debe aboalo o contratista ao director de obra.

O señor Canabal pregunta se está previsto no contrato asinado con Estudio Técnico Gallego.

Responde a secretaria que non, que o director de obra designase no momento da adxudicación (que en xeral soe ser o autor do proxecto).

Procédese coa votación e cos votos a favor de todos os presentes acórdase:

1.- Aprobar inicialmente a seguinte ordenanza reguladora da “taxa polos servizos facultativos que se presten en obras municipais”:

Artigo 1.- Fundamento legal.

Ao abeiro das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa polos servizos facultativos que se presten en obras municipais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, segundo o establecido no artigo 57 do citado real decreto legislativo.

Artigo 2.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación polo Concello (a través dos seus servizos técnicos propios ou concertados) da dirección, inspección, coordinación e comprobación do cumprimento das prescricións establecidas pola lei de prevención de riscos laborais en materia de seguridade e saúde ,das obras contratadas ou adxudicadas polo Concello.

Artigo 3.- Suxeito pasivo.

Serán suxeitos pasivos da taxa que se regula nesta ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro xeral tributaria, que resulten adxudicatarias das obras ou afectadas pola actividade administrativa que constitúe o obxecto desta taxa, cando sexan legalmente esixibles á dirección de obra ou/e aos servizos de coordinación e saúde.

Artigo 4.- Exencións, reducións e bonificacións.

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais, segundo o disposto no artigo 9 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Artigo 5.- Contía.

A contía da taxa regulada por esta ordenanza será a seguinte:

- Por honorarios de coordinación de seguridade e saúde.....1% do orzamento de execución por contrata
- Honorarios de dirección de obras.....3% do orzamento de execución por contrata.

O Orzamento de execución por contrata está composto polo presuposto de execución material, mais os gastos xerais, beneficio industrial e IVA, que sirven de base a licitación das obras

Artigo 6.- Devengo.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible.

Artigo 7.- Xestión, liquidación e recadación.

1.- A liquidación practícarase en cada certificación expedida polos Servizos Técnicos Municipais e, de ser por medios alleos, coa súa conformidade. As liquidacións da taxa aprobaranse xunto coa certificación polo órgano competente.

2.- Ao proceder ao pagamento da certificación poderá practícarase retención sobre a parte que corresponda á taxa, ou ben liquidar a mesma ao contribuínte que

deberá ingresar a mesma nas arcas municipais con aplicación o concepto orzamentario correspondente para posteriormente proceder como segue:

a) Se os servizos se prestaron con medios propios do Concello, trasladaranse do concepto non orzamentario ao concepto de orzamento de ingresos que corresponda.

b) Se os servizos se prestaron con medios alleos, do concepto non orzamentario pagarase á persoa física ou xurídica que, mediante contrato co Concello, prestara os servizos obxecto desta taxa.

Así mesmo, pódese acordar co contribuínte o ingreso directo da taxa a persoa física ou xurídica que prestara os servizos obxecto da mesma.

Artigo 8.- Infraccións e sancións.

Aplicarase o réxime de infraccións e sancións reguladas na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición final.- A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2.- Publicar no taboleiro de anuncios do concello e no Boletín Oficial da Provincia o anuncio de aprobación inicial da ordenanza polo prazo de 30 días ao obxecto de que se poidan presentar as reclamacións que se estimen oportunas e se poida examinar o expediente polos interesados, de conformidade con establecido no artigo 17 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo.

3.- Finalizado o período de exposición pública, resolveranse as reclamacións que se houberan presentado, aprobando a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se houberan presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, publicándose, en todo caso, no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro da ordenanza.

9. Información da alcaldía

Dáse conta dos decretos habidos desde o 13 de setembro ata o 4 de novembro do 2016, do cal se dan por enterados.

10. Rogos e Preguntas

O señor Canabal fai os seguintes:

1.- Rogo en relación á situación do centro de saúde de Lestedo.

1.- En canto á non presentación de mocións, que acaban de sorprenderse, queremos informar ao pleno da corporación que este grupo tiña unha moción elaborada para a súa presentación, pero que non a chegamos presentar porque a problemática fora parcialmente solucionada nesta última semana.

Explicámonos. Xusto antes do inicio da campaña de vacinación da gripe, recibimos queixas de usuarios do centro de saúde de Lestedo, de que estas vacinas non se administraban neste, tendo que desprazarse ao centro de saúde do Forte.

Tendo en conta que a poboación obxectivo desta campaña son as persoas vellas do concello, moitas delas sen medios de transporte propio, algúns destes presentaron as súas queixas no centro de saúde, secundando o grupo de veciños unha queixa no propio Sergas.

Iamos presentar unha moción para que o concello tamén fixera súa as reivindicacións d@s veciñ@s, mais enterámonos na semana pasada que froito das reclamacións, xa se administraba esta vacina no centro de saúde de Lestedo, cousa pola que nos felicitamos. De todos xeitos, haberá que seguir pulando por este centro para mellorar os servizos prestados, porque pode ser moi mellorable.

2.- En canto á notificación de limpeza do vertedoiro incontrolado na finca do polígono industrial de Sergude, actualmente entendemos que na Xunta de Compensación, vimos como se lle facía un requirimento ao Ministerio de Facenda (era unha finca de desconocidos) mentres que noutras fincas, os requirimentos se fan á propia Xunta de Compensación. Poderían dicirme a que é debido esta circunstancia.

Resposta: Os requirimentos que se fan ó presidente da Xunta de Compensación do SAUI 2 é respecto de titulares de parcelas cuxos propietarios pertencen ademais á Sociedade Cooperativa Galega SAUI 2, mentres que o Ministerio de Facenda (e outros propietarios de parcelas) non pertencen á cooperativa aínda que sí están na Xunta de Compensación.

2.- Formulados directamente por Veciñ@s do Concello.

O grupo municipal de Veciñ@s puxo a disposición un correo electrónico para que puideran facer preguntas ao equipo de goberno, directamente no pleno. Xa temos algunha cuestión que pasamos a facerlle para a súa resposta.

A) Non sei qué significa a mancomunización do transporte público. A mancomunización afecta ao Mosquera, ao Lázara, ao Monbús, ou aos tres?

Responde o señor alcalde que están todas.

B) Creo que había unha proposta para poñer a prazos o pagamento do IBI, iso sería posible sen domiciliación (pagando no caixeiro do BBVA)? É unha medida que o PP pensa?, ou xa está rexeitado (o pago a prazos)?

Resposta: “O pagamento de calquera dos recibos que emite Deputación, pode se obxecto de fraccionamento ou aprazamento segundo o solicite o interesado. A solicitude será por escrito e é obrigatorio dar un número de conta para o cargo dos importes correspondentes, que poden ser ata un máximo de 12 mensualidades. Pode solicitarse en calquera momento, e poden acumularse varios recibos na mesma solicitude (por exemplo, solicitar o fraccionamento do pagamento conxunto do IBI, lixo e rústica). Desde o concello farase un bando informando sobre esta posibilidade.”

C) Hai algunha posibilidade de que a drástica e tan incisiva poda de olivos da igrexa de Ledesma dea lugar a olivos da mesma raza ou semente (porque non ten xustificación o que fixeron)?

Resposta: “Feita a correspondente consulta comunicóusenos que o único que se efectuou foi unha labor mecánica de poda e non de laboratorio, que en nada afectou ao sistema reprodutivo da planta, polo que se entende que seguirá dando oliveiras da mesma raza ou semente.”

D) Por certo, a xente que vai gratis no bus, vai segundo criterios de idade; pero o criterio debería ser o de renda. Ou polo menos ter un sistema de bonificacións para as primeiras viaxes en lugar de pedir un mínimo delas. O sistema de bonificacións actual é para quen vai en bus seis días por semana dúas veces no prazo dun mes.

Responde o señor alcalde que os gratuítos son para os menores de 18 anos.

E) No caso do transporte, o Grupo de Veciñ@s pregunta sobre a frecuencia das liñas de Monbús, Lázara e Mosquera no noso concello. Temos queixas de que os servizos son certamente deficientes sobre todo a última hora da mañá (para que os estudantes poidan voltar ao mediodía) e a última hora da tarde.

Responde o señor alcalde que pediremos os datos das viaxes.

Por outro lado, temos outro grupo de preguntas de outro veciño que traslada ao pleno:

a) Gustaríame preguntar ao pleno se hai realmente necesidade de botar foguetes. Os meus cans tiran a porta da casa abaixo, ou métense no garaxe “acojonados”, e non son os únicos... estamos estresando sen necesidade a os nosos animais (cans, gatos, vacas... etc). Hai concellos nos que xa esta práctica está sendo prohibida, non só por consideración aos animais, se non tamén polo perigo de incendios que conleva para o monte.

Responde o señor alcalde que cando o solicitan concédenselle sempre dentro da legalidade.

b) Por outra banda, quero saber que pensa o concello respecto á megafonía das misas en Lestedo, é legal ? Quén lle da a autorización á igrexa do seu uso?

3. Rogos e preguntas realizados por Maricarmen Soutullo.

1.- No anterior pleno rogamos o arranxo do Cruceiro de Pousada. Como vemos que en 2 meses aínda non se remataron as obras, lembrámolo outra vez para que non caía no esquecemento.

2.- Rogamos a limpeza de todos os vertedoiros incontrolados que se atopen no noso concello. Entre eles o que se atopa no camiño entre A Peneliña (Lubián) e Millán, cheo de lixo e electrodomésticos.

Responde o señor alcalde que xa se está facendo.

3.- Sería interesante plantexarse unha recollida porta a porta de voluminosos, pois para a poboación máis maior do noso concello fái-lles dificultoso achegarse ao “Punto Limpo” ao non ter un transporte propio axeitado.

Responde o señor alcalde que se está traballando co colexio para que os nenos/as poidan recibir información na clase e despois saír á rúa e analizarase se despois da campaña mellora o servizo da recollida.

4.- Rogamos que se controle o funcionamento do alumeadado público pois hai zonas onde fallan varias luces, outras non apagan en todo o día ou prenden e apagan a destempo, ... Non poden ser os veciños os que teñan que informar sempre do seu funcionamento.

Responde o señor alcalde que xa está a adxudicataria, que é Fernández, que responde rápido ás chamadas.

O señor Barcala di que debería estar alguén do concello para vixiar.

5.- Informamos que coñecemos polo menos tres casos de emerxencia social no noso concello que nos gustaría contrastar con toda a confidencialidade que se merece o tema coa traballadora social. Pode ser?

Responde o señor alcalde que si.

6.- En relación á pregunta que se lles fixo no anterior pleno en relación á limpeza do tanatorio municipal. Poderíanos informar si se obtivo algunha resposta da empresa Casablanca e cal foi? A que foron debidos eses incidentes? Está xa nunhas condicións hixiénicas aceptables o tanatorio?

Resposta: “Tal e como vostedes poden comprobar no rexistro de entradas do Concello de Boqueixón , o día 21 de setembro do 2016 co número 16/2042, a empresa deu resposta ó incidente ocasionado.”

7.- No Pleno do 11 de maio rogamus a limpeza do camiño de Monte de Castro de Abaixo á Ledesma (por onde vai soterrado o saneamento), e que pode ser unha ruta de sendeirismo dende a Ponte Ledesma á Casa Grande dos Valderrama. Durante o verán non se limpou. Pensan limpalo?

Responde o señor Sanjuás que o están facendo.

8.- Aproveitando que está orzamentado entre as obras a realizar o Camiño de Castro de Abaixo (Capela), poderíase realizar o arranxo e adecentamento da fonte pública que se atopa ao final de dita pista? Os veciños de Castro están moi interesados en que esta fonte se conserve e o seu estado actual é calamitoso.

O señor alcalde solicita á señora Soutullo que lle remita a reportaxe fotográfica para logo comprobalo e se é necesario arranxarse e limparase.

9.- Con respecto ao camiño interior de Pousada que vai da Capela da Fonte á casa de Xacinto, Cren vostedes que o arranxo que se lle fixo se pode chamar mellora ou adecentamento dos camiños municipais?

Responde o señor alcalde que a bachearon.

10.- Sobre o Plan de Posta en Valor do Pico Sacro, quixeramos preguntar:

- No tocante á baranda de madeira e colocación dunha corda de cor branco nunha das ladeiras e o acondicionamento á boca da cova norte, ditas actuacións contaron coa aprobación de Patrimonio da Xunta e dos organismos competentes?

Responde o señor alcalde que si hai permisos de “Estradas” e de “Patrimonio”.

- Reiteramos a pregunta sobre a macroestrutura de cemento que preto do cumio. Saben que se vai facer con ela? Podemos ter acceso ao expediente da licenza de obra?

Responde o señor alcalde que o expediente está en secretaría e estase mirando.

3. Rogos e preguntas realizados por Perfecto Barcala.

1.- Rogo que se busque unha nova localización para os contedores do lixo situados á entrada da Ponte Vella de Ledesma. (Foi unha das cuestións que expuxo a arquitecta responsable das obras de limpeza da ponte, que di que causa mal efecto ver á entrada da ponte os contedores). Supoño que haberá que consensuar cos veciños unha nova localización.

2.- Rogo que se faga a correspondente petición á Consellaría de Infraestruturas e Vivenda para que se remate de aglomerar o quilómetro e medio restante da estrada AC-261 en Aríns. E tamén que se nos informe do estado das obras da estrada AC-260.

Di o señor alcalde que falara coa conselleira e o concelleiro de obras do Concello de Santiago de Compostela.

3.- Rogo que se nos facilite o proxecto de obra da senda peonil da Susana a Sergude.

4.- Rogo que se repase a pista de Deseiro, non punto que se fixo o corte da pista para o paso dos tubos de saneamento para a unión dos colectores. Está acementada e debería estar aglomerada. Devolveuse o aval á empresa responsable das obras?

O señor alcalde di que sobre o formigón hai que botar unha capa de aglomerado.

5.- Sobre o Plan POS da Deputación. En qué fase está? Podemos aportar ou consensuar algunha proposta?

Responde o señor alcalde que si.

6.- Sobre o ADSL no noso concello. Vemos que no canto de mellorar, imos empeorando a calidade do servizo, que é básico para os veciños. Temos presentado mocións, rogos, preguntas, téñense recollido sinaturas en Lestedo, e vemos que ano tras ano, no canto de ir mellorando a situación, esta empeora. En Lestedo, hai zonas onde hai menos dun mega de velocidade, mentres que vemos noutros puntos de concellos próximos a Boqueixón, como é o caso de Santa Cruz, por exemplo, onde gozan dende hai tempo de 10 megas. Que se fixo, que se ten pensado facer sobre o tema? É urxente e xa levamos moitos anos dando a matraca co tema.

7.- Sabe vostede se van a pechar máis entidades bancarias no noso concello ademais da que xa ven de facer o Banco Sabadell en Camporrapado? O peche desta oficina está provocando numerosas queixas por parte dos veciñ@s, industrias e comercio da parte sur do concello. Pode dicirse que é unha moi mala nova para todos, sobre todo para a xente vella que non ten medios de transporte para poder desprazarse a outros sitios. Pensamos que o concello, nas medidas das súas posibilidades debería presionar para evitar a perda desta entidade bancaria que vai ligada ao desenvolvemento industrial de Camporrapado.

Responde o señor alcalde que desde o concello non se pode facer nada.

8.- Cando se nos vai facilitar ao Grupo Municipal de Veciñ@s o local que nos corresponde por lei no Concello? O traballo dun concelleiro da oposición en Boqueixón é moi precario. Non temos local, nin caixa de correos para a nosa correspondencia, nen wifi dentro das instalacións municipais.

Responde o señor alcalde que se poñan en contacto con Juan Corral, que el lles dará a clave.

En canto a internet, di o señor alcalde que agora o mellor é por satélite.

O señor Barcala di que todas as persoas que o tiveron así non lles gusta.

O señor alcalde di que as operadoras non poñen fibra óptica porque a tecnoloxía por satélite é superior.

9.- A pista de Ramil vaise facer?

Responde o señor alcalde que si, pero según os técnicos con choiva non se pode.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace
O alcalde